DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CORUÑA

Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica

Referencia: FO027B / 2027
Expediente convocatoria: 2026000028027

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACIÓNS PROVINCIAIS DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS E MARISCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS NO ANO 2027 (FO027B / 2027)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos no ano 2027", e vistos os informes do Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos no ano 2027", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos no ano 2027", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación, con carácter urxente, das bases deste programa no Boletín Oficial

da Provincia da Coruña, a fin de poder cumprir os calendarios inicialmente previstos.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos no ano 2027, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente, ao fin de garantir o cumprimento dos prazos inicialmente previstos en todas as convocatorias para a apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACIÓNS PROVINCIAIS DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS E MARISCADORES DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS NO ANO 2027 (FO027B/2027

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxica.
Sección	Sección de sectores produtivos: mar e medio rural.
Anualidade	2027
Denominación	Programa de subvencións a confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña para a realización de investimentos no ano 2027
Beneficiarios	Confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña e sen ánimo de lucro.
Programa	FO027B/2027
Aplicación orzamentaria	0520/415/781
Importe da convocatoria	150.000,00€ Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe da orzamento de gastos	Mínimo 20.000,00 € - Máximo 30.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 4.000,00 € - Máximo 24.000,00 €
Importe solicitado	Do 20% ao 80% do orzamento de gastos subvencionables
Coeficiente de financiamento	Variable entre o 20% e 80%
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

**RPT-21603607

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán estas subvencións ven constituído polo establecido nestas Bases, pola normativa que sexa de aplicación, e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

A presente subvención está incluída no Plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1.- Obxecto

O obxecto desta convocatoria é subvencionar os investimentos tendentes a impulsar o desenvolvemento económico, apoiando, entre outras, as liñas de xeración de emprego, as liñas de comercialización e o fomento pesqueiro na súa actividade e garantindo o ciclo anual de producción e estabilidade económica. A xeración de emprego inclúe o mantemento do persoal adscrito as oficinas xerais dos solicitantes para o desenvolvemento de funcións administrativas, corporativas e de atención a persoas asociadas, por parte das entidades que formen parte dos seguintes ámbitos:

Confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña e sen ánimo de lucro

Investimentos a subvencionar:

- Equipamentos de oficina das confrarías.
- Adquisición de vehículos para o desenvolvemento das actividades devixilancia.
- Obras de acondicionamento dos locais administrativos.

Non se subvencionarán os investimentos directamente vinculados coas actividades necesarias para preparar a un animal ou planta para a primeira venda (incluídos o corte ou despezamento, fileteado ou a conxelación), nin a primeira venda a revendedores ou transformadores.

2.2.- Finalidade

No ano 2027, dada a conxuntura e o contexto social, económico e cultural actual, a área de Desenvolvemento territorial, sectores produtivos, emprego sostible e transición ecolóxicada

Deputación da Coruña renova a súa aposta polo apoio ao sector económico en todas as súas dimensións, e moi especialmente naquelas máis directamente vinculadas á creación de emprego, mantemento de estruturas profesionais e creativas dun sector tan importante como é o sector pesqueiro.

2.3.- Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o **1 de xaneiro de 2027 e o 31 de decembro de 2027**. Polo tanto, unicamente admitiranse xustificantes de gastos expedidos dentro das datas sinaladas.

Excepcionalmente, para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes que sexan expedidos antes do **16 de xaneiro de 2028**.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar unha prórroga para a realización do investimento despois dunha petición razoada. A solicitude de prórroga poderá presentarse ata o **15 de decembro de 2027 ás 14:00 h**.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos poderán incluírse os realizados con posterioridade ao **31 de decembro de 2027, con data límite para expedir os xustificantes do 15 de abril de 2028.**

Base 3. Solicitantes

A presente convocatoria vai dirixida as entidades que se relacionan de seguido:

- Confrarías de pescadores da provincia da Coruña.
- Federacións provinciais de confrarías da provincia da Coruña.
- Agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña.

Base 4. Gastos subvencionables

4.1.- Gastos subvencionables no programa FO027B/2027:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
206	Aplicacións informáticas
211	Construcións
212	Instalacións técnicas
216	Mobiliario: Equipamento de oficina inventariable
217	Equipos para proceso de información: Equipamento informático inventariable
218	Elementos de transporte

**RPT-21603607

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
219	Outro inmobilizado material

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1.- Compatibilidade

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións desta Deputación, agás as do programa FO027A dirixidas a confrarías de pescadores, federacións de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña, coas que serán compatibles.

As axudas concedidas, acollidas ao réxime de mínimis, deberán cumprir as condicións de exención e os límites aplicables por razón da materia d relativos á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimis..

5.2.- Exclusións

Non serán obxecto desta convocatoria os seguintes vehículos:

- Vehículos de segunda man.
- Calquera outro vehículo cuxa natureza non corresponda cos investimentos subvencionables segundo a base 2.1
- Os gastos en investimentos directamente vinculados coas actividades necesarias para preparar a un animal ou planta para a primeira venda (incluídos o corte ou despezamento, fileteado ou a conxelación), nin coa primeira venda a revendedores ou transformadores.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade. Co fin de que non se eluda o cumprimento deste límite, considerarase que existe só una persoa xurídica privada cando as persoas socias ou directivas sexan comúns en máis dun 50 por cento en dúas ou máis entidades nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puideren encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña. O prazo de presentación de solicitudes determinarase na convocatoria, que se publicará no BOP, por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Ademais dos requisitos dispostos con carácter xeral na lexislación básica estatal e autonómica ou na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña, as persoas beneficiarias, deberán cumprir cosseguintes compromisos e obrigas:

7.1.- Período mínimo de adscrición do ben aos fins previstos.

As entidades beneficiarias quedan obrigadas a destinar os bens aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles/construcións, ou de dous anos, no caso de bens de equipamento.

7.2.- Licencias e autorizacións preceptivas.

As entidades deberán de contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio artístico e do medio ambiente. No seu caso, as ditas licenzas e autorizacións serán requiridas na xustificación da subvención.

No caso de obras ou instalacións, as entidades solicitantes deberán indicar a propiedade ou dereito real que se posúen sobre o ben inmoble (propiedade, arrendamento con especificación do prazo de vixencia, cesión de uso, etc.). No caso de que a entidade beneficiaria non sexa a propietaria do inmoble deberá achegar tamén a autorización do propietario para a realización das obras ou instalacións obxecto da subvención

7.3.- Difusión do apoio da Deputación:

7.3.1.- As entidades solicitantes procederán á inclusión do logotipo da Deputación nos soportes de difusión dos investimentos subvencionados, OBRAS EN LOCAIS OU SOPORTES DE INVESTIMENTOS, facendo constar ao seu carón o texto: “Obra/investimento subvencionada pola Deputación da Coruña”.

7.3.2.- As entidades ostentarán, en lugar visible e na súa páxina web, a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

7.3.3.- As entidades solicitantes, na difusión dos investimentos subvencionados en redes sociais, deberán incluír ou etiquetar nas súas entradas aos perfís da Área de Promoción Económica da Deputación: @DACPromoción na rede social X e https://www.facebook.com/dacpromocion/ no FACEBOOK.

7.3.4.- No caso de solicitar a achega para a compra dun vehículo rotular o dito vehículo nos catro costados co símbolo e logotipo da Deputación Provincial da Coruña cun tamaño mínimo de 700 mm x 291 mm e, polo menos nun dos costados, co texto “Vehículo subvencionado pola Deputación da Coruña”
No caso de que as medidas do vehículo impidan a rotulación co tamaño indicado, a entidade deberá facer unha proposta de adaptación da rotulación, que achegará ao seu expediente para a súa aprobación pola unidade xestora.

A rotulación manterase durante toda a vida útil do vehículo. A rotulación farase de acordo coas seguintes indicacións:

- Cor PANTONE 2757C C:100 M:81 Y:00 K:51
- Tipografía aller Regular Bold, Light.
- No caso de que o cor de fondo do vehículo sexa escuro a cor do logotipo será branco. Non servirá ningún outro logotipo ou escudo ou anagrama que non sexa o descrito anteriormente.

  Pódese descargar da páxina web en:

  https://www.dacoruna.gal/documentacion/logos/logotipos).

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1.- Procedemento de concesión.

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña e será aprobada por resolución da presidencia.

8.2.- Valoración das solicitudes.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica de acordo ao sinalado nas Bases xerais, con persoas de recoñecida traxectoria no ámbito de promoción da economía obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar. Esta comisión poderá propoñer a exclusión de solicitudes por inadecuación argumentada destas

ou falta de calidade mínima dos proxectos para os que se solicita a axuda.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

A entidade deberá completar todos os apartados da Memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da Memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

Poderase requirir a entidade para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

8.2.a Conceptos de valoración

Coeficiente de financiamento derivado da solicitude:	Ata 40 puntos
Interese da proposta presentada: Valorarase por una comisión técnica, tendo en conta os seguintes aspectos: ● A necesidade e contribución real do investimento presentado para o mellor desenvolvemento das actividades da entidade ● A vida útil ou tempo de aproveitamento do investimento subvencionado	 Ata 20 puntos Ata 20 puntos
Número de beneficiados directos:	Ata 20 puntos

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2028, ás 14:00 horas.

Para as subvencións que teñan concedida unha prórroga, o prazo de xustificación rematará o día 14 de maio de 2028, ás 14:00 horas.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto na vixente Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña.

**RPT-21603607

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases en relación coa lingua galega.

- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.

- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.

- No caso de que algunha das actividades implique contacto habitual con menores, a entidade que represento comprométese a comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos adaptados á lei vixente. Asemade, o seu obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.

- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.

- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000€ (IVE excluído) pola adquisición de equipamentos/subministracións, ou superior a 40.000€ (IVE excluído) nos contratos de obras, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- A entidade que represento, no caso de solicitar axuda para unha obra que se desenvolva en fases, deberá numerala e indicar as xa executadas, así mesmo comprometerse a que a fase para a que solicita a axuda sea susceptible de utilización independente.

- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de cinco anos, no caso de inmobles/construcións ou de dous anos no caso doutros bens.

- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio ambiente.

- A entidade que represento comprométese a asumir os gastos de adquisición, matriculación e tributos que correspondan, formalizar o seguro correspondente, asumir as reparacións e o mantemento do vehículo.

- A entidade que represento comprométese a adscribir o vehículo para o uso para o que se solicita durante toda a súa vida útil e a comunicar e xustificar a baixa do vehículo á Deputación da Coruña.

Documentación:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e do número de persoas asociadas.

- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente, nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.

- Memoria da solicitude.

- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitude de autorización segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo

- Documentación acreditativa da titularidade ou dereito real existente sobre o ben para o que se solicita o investimento.

- No caso de que a entidade solicitante non sexa a propietaria do inmoble, autorización da persoa propietaria para a realización das obras obxecto da subvención.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

- Declaración das axudas públicas en réxime de mínimis concedidas ou solicitadas nos anos 2024, 2025, 2026 e 2027.

- Certificación na que deberá indicarse a actividade ou actividades económicas que realiza a entidade e para as que se solicita a axuda, co fin de poder determinar o límite que lle resulta de aplicación segundo a normativa vixente en réxime de mínimis.

- Declaración de que os investimentos para os que se solicita a axuda, non están directamente vinculados coas actividades necesarias para preparar a un animal ou planta para a primeira venda (incluídos o corte ou despezamento, fileteado ou a conxelación), nin coa primeira venda a revendedores ou transformadores.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.

- No caso de que algunha das actividades realizadas implicara contacto habitual con menores, a entidade que represento comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade sexual.

- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- A entidade que represento comprométese a destinar os bens aos fins concretos para os que foi concedida a subvención durante un período mínimo de cinco anos, no caso de inmobles/construcións, ou de dous anos, para o resto de bens.

  No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas Bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada e, no seu caso, acepta o reintegro da cantidade anticipada.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará

alegacións nin recurso algún ao respecto (esta declaración suporá unha redución do importe da sanción dun 90%).

Documentación xeral

- Acreditación da representación, delegación e cargos da entidade, no seu caso.
- Memoria xustificativa.
- Relación clasificada dos gastos realizados: Documento descargable en SUBTeL e que se xera automaticamente unha vez rexistrados os gastos da actividade ou investimento obxecto de subvención no apartado correspondente da xustificación.

  En cada gasto rexistrado deberá anexarse a factura ou documento xustificativo correspondente ao dito gasto.

  Deberá terse en conta que:

  - Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2027.
  - No obstante, naqueles casos nos que os gastos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvención poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2027.No caso de entidades que teñan concedida a prórroga da xustificación, na relación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2027, con data límite do 15 de abril de 2028.
- Relación detallada dos ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.
- No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior aNo caso de que o gasto sexa superior a 15.000 € (IVE excluído) no caso de da prestación de servizos ou subministracións ou superior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras: Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

**RPT-21603607

- Proba documental (acreditación gráfica, mediante fotografía, imaxes…etc), do cumprimento das obrigas de difusión do apoio da Deputación e do uso da lingua galega contempladas nas bases. No caso de non ter páxina web e/ou de redes sociais, declaración de non dispoñer delas.

Segundo a natureza do investimento, deberán achegar a seguinte documentación:

NO CASO DE EQUIPAMENTO:

- Certificación da súa recepción, detallando os bens adquiridos e indicando que se incluíron no inventario da entidade.
- Fotografía do/s investimento/s.

NO CASO DE OBRAS:

- Autorizacións ou licenzas preceptivas, no seu caso.
- Proxecto técnico ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran.
- Certificacións de obra subscrita por técnico colexiado competente, no suposto de obra maior.
- Acta de recepción, identificando as obras realizadas.
- Proba documental (fotografía e, de ser o caso, calquera outro medio de proba: Planos, etc…, que evidencien a situación anterior do investimento e a situación tras levar a cabo o investimento).

NO CASO DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS:

- Inscrición da titularidade no rexistro público correspondente.
- Fotografía do vehículo.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Poderán acceder a estas axudas as confrarías de pescadores, federacións provinciais de confrarías e agrupacións de mariscadoras e mariscadores da provincia da Coruña, independentemente do número de socios ou membros que as integren

Segundo. Obxecto

As axudas económicas obxecto da presente convocatoria destinaranse á realización das investimentos tendentes a impulsar o fomento pesqueiro descritas nas Bases reguladoras do programa.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación prevista ascende a un total de 150.000,00 €, con cargo á partida 0520/415/781 do orzamento ordinario para 2027.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP e finalizará ás 14:00 horas do día 18 de decembro de 2026, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Podrán acceder a estas ayudas las cofradías de pescadores, federaciones provinciales de cofradías y agrupaciones de mariscadoras y mariscadores de la provincia da Coruña, independientemente del número de socios o miembros que las integren.

Segundo. Objeto

Las ayudas económicas objeto de la presente convocatoria se destinarán a la realización de inversiones tendentes a impulsar el fomento pesquero descritas en las Bases reguladoras del programa.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación prevista asciende a un total de 150.000,00 €, con cargo a la partida 0520/415/781 del presupuesto ordinario para 2027.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

**RPT-21603607

El plazo de solicitudes se iniciará a las 08:00 horas del día siguiente al de la publicación de la convocatoria en el BOP y finalizará a las 14:00 horas del día 18 de diciembre de 2026, , toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña